

LENA ANDERSSON

Apropiación indebida

Unha novela sobre o amor

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

Chamábase Ester Nilsson. Era poeta e ensaísta. Á idade de trinta e un anos xa contaba con oito escritos publicados, curtos pero sisudos. Nun ton teimudo, consonte algúns pareceres; nun ton ameno, segundo outras opinións, aínda que a maioría da xente endexamais escoitara falar dela.

Captaba a realidade cunha exactitude demoledora dende o interior da súa conciencia, e coidaba que o mundo era tal e como ela o percibía; ou, mellor dito, coidaba que as persoas posuían a capacidade de percibir o mundo tal e como é sempre e cando permanecesen atentas e non porfiasen en mentírense. O subxectivo era o obxectivo, e o obxectivo, o subxectivo. Sexa coma for, esta era a ambición de Ester Nilsson.

Sabía que a procura desa mesma exactitude na linguaxe supuña unha limitación, pero, con todo, fincábase nesa busca, xa que calquera outro ideal sería tirar polo camiño fácil, arremedar as falacias e os enganados intelectuais dos tramposos, aqueles que non tiñan en conta a relación dos fenómenos entre si nin a súa representación mediante a linguaxe.

Malia todo, unha vez tras outra, víase forzada a asumir a inexactitude das palabras. Acontecía o mesmo co pensamento, que se ben se supón baseado en percepcións

sistematizadas e na linguaxe formal, non resultaba tan fiable como parecía.

Este relato aborda o terrible desaxuste existente entre o pensamento e a palabra, entre a vontade e a súa expresión, entre a realidade e a irrealidade, ademais daquilo que medra na fenda que se abre entre eses espazos.

Con dezaoito anos Ester Nilsson comprendeu que a vida, en último termo, non servía para outra cousa que para escorrentar o fastío e, con este propósito, emprendeu por si mesma a descuberta da linguaxe e as ideas. Dende entón non experimentara ningún tedio vital, nin sequera unha tristura corrente. Traballaba arreo na descodificación da natureza do mundo e dos seres humanos. Rematara a licenciatura de Filosofía no Real Instituto de Tecnoloxía da Universidade de Estocolmo, e logo de completar a súa tese de doutoramento, na que pretendía unir as correntes de pensamento das escolas anglosaxoas e francesas, aplicando o minimalismo e mais a lóxica da escola analítica ao concepto da vida máis grandilocuente da escola continental, comezou a traballar como escritora *freelance*.

Des que descubrira a linguaxe e as ideas e comprendera cal era a súa meta na vida, abandonara o consumismo: comía barato, era coidadosa cos anticonceptivos, viaxaba con sentido, non contraía endexamais débedas cos bancos nin con persoas particulares, e procuraba evitar situacións que a afastasen das tarefas ás que desexaba dedicar o seu tempo: ler, pensar, escribir e conversar.

Levaba trece anos vivindo dese xeito, e máis da metade destes nunha relación harmoniosa e apracible cun home que a deixaba en paz e asemade satisfacía as súas necesidades físicas e mentais.

Entón recibiu unha chamada telefónica.

